



museo
pedagógico
de galicia



Coñece o MUPEGA!!!

Guía para os docentes de 3º e 4º Educación Primaria.



Guía para docentes

3º e 4º Educación Primaria

O Museo Pedagógico de Galicia (**MUPEGA**) é un centro específico da Consellería de Educación e Orientación Universitaria, destinado a recuperar, salvagardar, estudar, mostrar e difundir todas aquelas expresións educativas que poñan de manifesto a variedade e riqueza do patrimonio pedagógico de Galicia.

O MUPEGA fai unha oferta aos centros educativos cunha visita guiada á exposición permanente adaptada ás idades do alumnado.

Tratamos o temas dun modo lúdico e atractivo, utilizando unha metodoloxía activa e participativa, pensando en que os contidos estean relacionados coas programacións, de maneira que profesorado poida integrar as actividades sen dificultade na súa aula. Diseñouse a visita de acordo ás necesidades dos nenos/as de infantil, e os primeiros cursos de Educación Primaria para que resulte moi proveitosa e enriquecedora no seu desenvolvemento intelectual, social e emocional dos nenos e nenas.

Facendo unha lectura dos obxectivos marcados polo *DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*. (Artigo 3), nestas visitas facemos fincapé nestes obxectivos, marcados con carácter xeral para toda a Educación Primaria:

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.



Desde o MUPEGA, deseñamos unhas actividades de aprendizaxe integradas, con elementos curriculares procedentes de distintos bloques e áreas, marcados polo decreto do currículo de E.Primaria

ACTIVIDADE DE APRENDIZAXE INTEGRADA: VISITA AO MUPEGA				3º EP
ÁREA	Contidos	Criterios de Avaliación	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	Actividades
Ciencias Sociais	B1.1.Iniciación ao coñecemento científico e a súa aplicación nas Ciencias sociais. B1.2.Proposta de traballo que xurda dun problema, acontecemento ou inquietude e que supoña un proceso de investigación e acción que garanta participación activa do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.	B1.1.Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre a área (empregando as TIC e outras fontes), a realización dun produto, a documentación do proceso (a través do uso do cartafol) e a comunicación dos resultados, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto.	CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	Actividades antes da visita: nº 1 e nº2 Visita ao museo
	B4.1. As pegadas da nosa historia: duración e datación dos feitos históricos máis significativos da contorna e de Galicia.	B4.1.Coñecer as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos relevantes de Galicia.	CSB4.1.2.Sitúa nunha liña do tempo feitos do pasado da súa contorna datando os comezos e finais das épocas estudadas.	Actividades antes da visita Visita ao museo Actividades para despois da visita
	B4.6.O noso patrimonio natural, histórico e cultural. Os espazos protexidos.	B4.4.Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.	CSB4.4.1.Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico do contorno próximo e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.	Visita ao museo
Lingua Castelá	B1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; escoita; respecto á quenda de palabra; respecto	B1.1.Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais.	LCB1.1.2. Aplica as normas socio comunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.	Actividades antes da visita Visita ao museo Actividades para despois da



	<p>polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais.</p> <p>B3.1. Produción de textos de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades.</p> <p>B3.4. Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros/as.</p>	<p>B3.1. Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.</p> <p>B3.2. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros/as..</p>	<p>LCB3.1.1. Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas....</p> <p>LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros/as..</p>	<p>visita</p> <p>Actividades antes da visita</p> <p>Actividades para despois da visita</p> <p>Actividades antes da visita</p> <p>Actividades para despois da visita</p>
Educación física	<p>B6.4. O xogo e o deporte como elementos da realidade social. Coñecemento e práctica de xogos tradicionais de Galicia.</p>	<p>B6.4. O xogo e o deporte como elementos da realidade social. Coñecemento e práctica de xogos tradicionais de Galicia.</p>	<p>EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas e características básicas dos xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.</p> <p>EFB6.2.2. Recoñece xogos e deportes tradicionais de Galicia.</p> <p>EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.</p>	<p>Visita ao museo</p> <p>Actividades para despois da visita</p>
Educación Plástica	<p>B1.3. Interpretación e valoración da información que proporcionan as imaxes no contexto social e comunicación das apreciacións obtidas.</p>	<p>B1.1. Describir as características dos elementos presentes no contexto e as sensacións que as obras artísticas provocan.</p>	<p>EPB1.1.2. Describe as características dos feitos artísticos e as sensacións que as obras provocan. e expresa as súas apreciacións persoais cun criterio artístico.</p>	<p>Visita ao museo</p>
Lingua Galega	<p>B1.3. Comprensión e produción de textos orais sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade</p>	<p>B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico</p>	<p>LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di a persoa interlocutora e intervindo adecuadamente.</p> <p>LGB1.3.2. Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global e as</p>	<p>Visita ao museo</p> <p>Actividades para despois da visita</p>



	<p>didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase).</p> <p>B1.4. Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas, respectando as e opinións de quen fala e sen interrupcións inadecuadas</p> <p>B1.12. Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.</p> <p>B3.1. Uso das estratexias de planificación, de textualización e revisión como partes do proceso escritor</p>	<p>B1.4. Manter unha actitude de escoita adecuada, respectando as opinións dos e das demais.</p> <p>B1.12. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.</p> <p>B3.1. Usar, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto</p>	<p>informacións máis relevantes, preguntando se é necesario para verificar a súa comprensión.</p> <p>LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións sen interromper.</p> <p>LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.</p> <p>LGB1.12.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...</p> <p>LGB1.12.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.</p> <p>LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información.</p> <p>LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.</p>	<p>Visita ao museo</p> <p>Actividades para despois da visita</p> <p>Visita ao museo</p> <p>Actividades para despois da visita</p>
--	---	---	---	---

ACTIVIDADE DE APRENDIZAXE INTEGRADA: VISITA AO MUPEGA				4º EP
ÁREA	Contidos	Criterios de Avaliación	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	Actividades
Ciencias Sociais	B1.1. Iniciación ao coñecemento científico, toma de conciencia das súas fases e a súa aplicación nas Ciencias sociais. Proposta de traballo que xurda dun problema, acontecemento ou inxerencia e que supoña un	B1.1. Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun proceso, a documentación do proceso e a comunicación dos resultados.	CSB1.1.1. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	Actividades antes da visita: actividade nº 1, e nº 2



	<p>proceso de investigación e acción que garanta participación activa do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.</p> <p>B4.7. O noso patrimonio histórico e cultural.</p> <p>B4.8. Museos, sitios e monumentos históricos como espazos de aprendizaxe e gozo. Planificación conxunta e visita a un museo próximo.</p>	<p>B4.5. Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.</p> <p>B4.6. Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.</p>	<p>CSB4.5.1. Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.</p> <p>CSB4.6.1. Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.</p>	<p>Visita ao museo</p> <p>Visita ao museo</p>
<p>Lingua Castelá</p>	<p>B1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; escoita; respecto á quenda de palabra; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais.</p> <p>B1.5. Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos)</p> <p>B3.4. Valoración da propia produción</p>	<p>B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoitar..</p> <p>B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais sinxelos.</p> <p>B3.2. Valorar a súa propia produción escrita, así como a</p>	<p>LCB1.1.2. Aplica as normas socio comunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa.</p> <p>LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais</p> <p>LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus</p>	<p>Actividades antes da visita: actividade nº 1 e nº 2</p> <p>Visita ao museo</p> <p>Actividades para despois da visita: actividade nº3 e nº 5</p> <p>Visita ao museo</p> <p>Actividades antes da visita:</p>



	escrita, así como da produción escrita dos seus compañeiros/as.	produción escrita dos seus compañeiros/as.	compañeiros/as.	actividade nº1, e nº 2 Actividades para despois da visita: actividade nº3, e nº 5
Educación física	B6.4. O xogo e o deporte como elementos da realidade social. Coñecemento e práctica de xogos tradicionais de Galicia.	.B6.2. Coñecer, a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas, características básicas entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza. Efb6.2.2. Recoñece a orixe e a importancia dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia. Efb6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.	Visita ao museo
Educación Plástica	B1.10. Valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan. B1.11. Comunicación das apreciacións obtidas dunha imaxe	B1.1 Describir as características dos elementos presentes no contexto e as sensacións que as obras artísticas provocan.	EPB1.4.1. Interpreta e valora a información obtida de imaxes no contexto social, e elabora e comunica informacións básicas	Visita ao museo
Lingua Galega	B1.3. Comprensión e produción de textos orais breves para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase ou debates). B1.4. Actitude de escoita adecuada e respecto das de quen fala sen interrupcións inadecuadas. B1.5. Participación e cooperación nas	B1.3. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico. B1.4. Manter unha actitude de escoita activa, deixando falar os demais, sen anticiparse ao que van dicir e respectando as súas opinións. B1.5. Participar nas diversas situacións de intercambio	LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias. LGB1.3.2. Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global. LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper. LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala. LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos	Actividades antes da visita: actividade nº1 e nº 2 Visita ao museo Actividades para despois da visita: actividade nº3 e nº 5 Actividades antes da visita Visita ao museo Actividades para despois da visita Actividades



	<p>situacións comunicativas habituais (informacións, conversas reguladoras da convivencia, debates, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento do tema, respecto ás opinións das demais persoas, papeis diversos no intercambio comunicativo, ton de voz, posturas e xeitos adecuados).</p>	<p>oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.</p>	<p>intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela. LGB1.5.5. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.</p>	<p>antes da visita</p> <p>Visita ao museo</p> <p>Actividades para despois da visita</p>
	<p>B1.13. Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais e públicos (sanidade, educación, medios de comunicación, comercios...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas</p>	<p>B1.13. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.</p>	<p>LGB1.13.1. Identifica o uso oral da lingua galega con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación, todo tipo de comercios. LGB1.13.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.</p>	<p>Visita ao museo</p>

Relacionando todos os aspectos curriculares, propoñemos **tres bloques de actividades**:

1. Para realizar antes da visita: Actividades de investigación e procura de información sobre o museo.
2. A visita ao MUPEGA.
3. Bloque de actividades despois da visita para afianzar os contidos aprendidos na visita.

1. ACTIVIDADES ANTES DA VISITA

· Introducción do tema mostrando algunha obra pictórica onde se represente unha escola antiga. A partir dela intentarase extraer información sobre como poderían ser as escolas no pasado.

P. ex.



“Escuela de pobo en 1848”, de Albert Anker.

· Procura de información de como era a escola na primeira metade do século XX, elaborando un texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.

2. ACTIVIDADE: VISITA AO MUPEGA

A continuación descríbese unha proposta de visita, que podería modificarse dependendo das necesidades do museo ou en función das características ou intereses do grupo.

- A través do cadro “A escola de Doloriñas” de Julia Minguillón, explícanse os elementos da escola da primeira metade do século XX: o alumnado, as ferramentas utilizadas (pizarra, vara, xerra, zocos,...)



- Visita á Aula Obradoiro, onde eles “vivirán” como era esa escola.

- Percorrido pola parte do museo adicada aos xoguetes e xogos tradicionais. Veremos diferentes xoguetes para facer ruído, de xogo simbólico... poderíamos facer algunha actividade lúdica no EDI (Encerado Dixital Interactivo) se contamos con tempo suficiente.

-Visita á sección “Escolas chegadas alén mar” (escolas financiadas por emigrantes galegos).


- En ocasións realízanse xogos tradicionais no patio exterior. Esta actividade estaría condicionada polo tempo atmosférica e polo tanto limitada de maio a outubro.

Duración aproximada da visita 75 min.

3. ACTIVIDADES PARA DESPOIS DA VISITA.

1. Lembrar o aprendido buscando diferenzas entre os elementos que había antes nas aulas, e os que hai agora. Pensar no que pode haber nas aulas do futuro.

2. Labirinto.



3. Sopa de Letras




(Ver dossier das actividades)



Material para alumnado

3º e 4º E.Primaria





Ola, son Escoliño, teño 9 anos e vou á escola como vosoutros. Quería mostrarvos unha escola antiga a través dun cadro. Hai moitas obras que representan a escola, esta pintouna Albert Anker. Que diferenzas e similitudes vedes comparándoa coa vosa?





Redacta como sería a escola na primeira metade do século


XX. Para iso axudaríache contestar a:

Quen estaba nas aulas?

Que utilizaban para escribir?

Como se chamaban os libros que utilizaban?...

*Ilustra cun debuxo como sería a escola da
primeira metade do século XX*





Lembra o aprendido no museo:

Escrebe tres diferenzas entre a aula do museo e a túa.


Pensa o que levas na carteira que cres que levarían os alumnos da mestra Doloriñas? Escrebe e debuxa.

Escoliño quere xogar coa súa buxaina, axúdaslle?





Pensemos na liña do tempo, escribe o que terían, teñen e terán as escolas en cada época



Sopa de letras: busca os nomes dos xoguetes das imaxes

